



MEMORIA ACTIVIDADES 2020 ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL

Andaina PSM

Ordes-Dodro, 28 de xaneiro de 2021

1.- Presentación

2.- Datos básicos da asociación

Programas

Dispositivos

Organigrama

3.- Cadro de persoal

4.- Programas realizados

4.1 Descripción dos programas:

Número de beneficiarias/os

Horarios

Ámbito

4.2. Programas

4.2.1. Atención psicosocial e obradoiros rehabilitadores

4.2.2. Atención domiciliaria

4.2.3. Prevención do suicidio

4.2.4. Sensibilización, información, orientación e asesoramento

4.2.5. Escola de Familias

4.2.6. Ocio e Tempo Libre

4.2.7. Igualdade

4.2.8. Voluntariado

4.2.9. Acompañamento laboral

4.2.10 . Comunidade: socioeducativo e apoio integral

5.1 Servizos

Transporte

Centro Especial Empleo

6.- Balance de ingresos e gastos

7.- Colaboracións

1. Presentación

Dende Andaina Pro Saúde Mental presentamos a memoria de actividades correspondente ao ano 2020 co fin de dar a coñecer a todas as persoas usuarias, familiares, colaboradoras e persoas interesadas os principais logros acadados así como as actuacións desenvoltas durante o devandito ano.

Destacar deste ano que mantemos a colaboración do SERGAS mediante a autorización de uso para o Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral de Dodro, a partir de agora CRPL. Tamén se mantén o Convenio de colaboración para o CRPL de Ordes. No mes de novembro, Andaina PSM entra a formar parte ao igual que o resto de entidades do concerto de prazas do SERGAS para os dous CRPLs e para vivenda protexida en colaboración con Itínara, mediante unha UTE.

Cada ano ten os seus logros e as súas dificultades. Este ano 2020 será lembrado para todo o mundo como o ano do coronavirus, o 14 de marzo declarouse o Estado de Alarma en España e a convivencia dificultosa co SARS-Cov-2 unha pandemia que afecta a todo o planeta e que lonxe de remitir, empeorou ao longo deste inverno 20-21. Esta enfermidade modificou a convivencia entre as persoas de todas as culturas a nivel familiar, social, laboral, médico, entretenemento, etc.

En Andaina PSM, o COVID-19 empezou modificando a asistencia as persoas usuarias que durante a segunda quincena de marzo, todo abril e maio foi vía teléfono ou vía telemática. Tras pasar a corentena, iníciáanse as visitas domiciliarias con paseos.

A partir de xuño, retómanse as actividades presenciais coa metade do aforo das persoas para poder cumprir as medidas preventivas de distancia de 2 mt. Tamén se incorporan ao protocolo o uso imprescindible da mascarilla, o uso constante de hidroalcol, a hixiene de espazos e material usado e o mentemento dos 2 metro de distancia, promocionándose o uso de actividades ao aire libre e o exercicio físico. As actividades de contacto e espazos pechados como radio, teatro ou grupo de apoio son suprimidas a favor doutras máis individuais como biblioterapia, rehabilitación cognitiva, alimentación saudable ou manualidades.

Todas estas medidas supuxeron un constante esforzo de adaptación, modificación, actualización de documentación, formación, etc. En definitiva, unha aprendizaxe nova compartida entre persoas usuarias, familias e equipo de traballo. De momento, tivemos a fortuna de que ningunha persoa usuaria ou traballadora padecera a enfermidade, non tiveron igual sorte algunhas familias que sufriron o falecemento de persoas afectadas pola COVID-19.

Continuamos a mellorar a calidade de vida das persoas que padecen trastornos mentais, así como de familiares e amigos/as. A defensa dos intereses e dereitos das persoas que padecen trastornos mentais sigue unindo a todas as persoas que formamos Andaina PSM.

En canto ao CEE, seguimos apostando pola venda da nosa pequena produción no comercio local e, por primeira vez, os nosos produtos chegaron a coñecidas empresas como INDITEX e gasoleiras SBC. Actualmente, temos varia maquilas ou encargos de transformado de zumes e sidras para diferentes cooperativas que nos fornecen da súa materia prima para convertila en transformado. Continuamos ofrecendo o mesmo servizo para as bebidas isotónicas. As maquilas están collendo forza no CEE e proporcionan cartos para manter os postos de traballo existentes.

Este ano compre por de relevo novamente que os nosos principios seguen marcando a nosa Andaina; **“A persoa como eixe”** e a **“A inserción social e laboral”** sempre tendo en conta a **“perspectiva de xénero”**.

Por último, agradecer ás empresas e persoas particulares que colaboraron con Andaina PSM, este ano especialmente ao Centro Parroquial de Milladoiro, e Internako sen esquecernos, por suposto, de que xa somos máis de 100 socios.

2. Datos básicos da entidade e organigrama

Nome: Andaina Pro Saúde Mental

CIF: G70264999

Enderezo CRPL Ordes: Rúa Emilia Pardo Bazán, 14-Baixo. Ordes, C.P.: 15680. A Coruña

Enderezo CRPL Dodro: Lugar de Vigo, nº 138. C.P.: 15981. A Coruña

Representante: Omaira Tuirán Ruíz

Andaina Pro Saúde Mental nace no 2010 ante a necesidade de atender, dun xeito integral, ás persoas con trastorno mental e as súas familias pertencentes aos concellos rurais da Área Sanitaria de Santiago de Compostela.

Andaina PSM atende dous Centros de Rehabilitación Psicosocial e Laboral en Ordes e en Dodro, das comarcas rurais de Ordes e Ulla-Sar respectivamente, e un Centro Especial de Emprego, tamén en Dodro.

Os fins de Andaina PSM son:

- Promoción e protección da saúde mental
- Prestar un servizo de rehabilitación dende un enfoque psicosocial para favorecer a recuperación e mellora do nivel de autonomía
- Promover a integración social e laboral coa formación e inserción directa no mercado laboral
- Enfoque de xénero e discriminación positiva nos programas a desenvolver para mulleres con trastorno mental e/ou cuidadoras de persoas con trastorno mental
- Apoio ás familias das persoas con trastornos mentais persistentes, favorecendo as súas capacidades e recursos, e promovendo unha mellora na súa calidade de vida
- Participación de redes sociais da comunidade

Programas

Os programas que realiza Andaina PSM seguen unha liña preventiva, asistencial, rehabilitadora e integradora. Estes son:

- **Atención psicosocial**, prestando atención individual psicolóxica e social e tamén, a nivel grupal mediante actividades rehabilitadores.
- **Atención a domicilio**, coas características especiais do ámbito rural.
- **Prevención do suicidio**, dirixido a poboación en risco e as súas familias, pero tamén á poboación xeral, para mellorar a prevención e detección da conduta suicida na Comarca de Ordes.
- **Información, asesoramento e orientación**, ás persoas beneficiarias, as súas familias e a calquera outra persoa interesada. **Sensibilización social**, coa finalidade de loitar contra o estigma asociado ao trastorno mental e promovendo a inclusión e a integración social.
- **Escola de familias**, programa psicoeducativo para familiares, cuidadoras e achegadas de persoas con trastorno mental.
- **Ocio e tempo libre**, ten como finalidade colaborar coas familias para reducir a carga de cuidados e promover unhas boas relacións familiares.
- **Igualdade**, presta atención integral a mulleres con trastorno mental que viven no rural.
- **Voluntariado**, específico e adaptado ás necesidades e particularidades das persoas con trastorno mental para o acompañamento en actividades de integración na comunidade.

- **Acompañamento das persoas que padecen enfermidade mental** con accións formativas e educativas que favorezan a súa integración laboral e o seu desenvolvemento profesional e persoal.
- **Programas na comunidade** que favorecen a funcionalidade da persoa usuaria no seu entorno facilitando a integración no ámbito comunitario.

Dispositivos


Para a consecución destes fins, Andaina PSM atende dous Centros de Rehabilitación Psicosocial e Laboral en Ordes e Dodro, abarcando as comarcas rurais de Ordes e Ulla-Sar respectivamente, e un Centro Especial de Emprego, tamén en Dodro.

Como entidade xurídica Andaina PSM conta cos seguintes rexistros e autorizacións:

- Número de Rexistro na Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia. 2010/014629-1 (sc).
- Número de Rexistro da Consellería de Traballo e Benestar –Xunta de Galicia- como Entidade Prestadora de Servizos Sociais E-5509.
- Número de Rexistro da Consellería de Traballo e Benestar –Xunta de Galicia- como Entidade de Acción de Voluntariado de Galicia 0-627.
- Membro de Feafes-Galicia - Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia dende o 9 de xuño de 2012.
- Autorización e funcionamento de Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral - C.R.P.L.- ULLASAR dende novembro 2012 co número C- 15-002879.
- Autorización e funcionamento de Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral - C.R.P.L.-ORDES dende setembro 2014 co número C- 15-003359.
- Rexistro Sanitario para elaboración de sidras-bebidas fermentadas e zumes dende 2016 e 2017 respectivamente.
- Acreditación como entidade prestadora de Servizos da Promoción da autonomía para o Centro de Dodro dende xuño 2016.
- Autorización do Centro Especial de Emprego en novembro 2017.

- O CEE adhieresese á Fundación estatal FEAFES-Emprego en xaneiro 2018.
- Rexistro do CRAEGA para zumes de mazán ecolóxicos en setembro 2018.
- O CEE forma parte de CEGASAL (Confederación Galega de Centros Especiais de Emprego) en setembro 2019.

Organigrama



3. Cadro de persoal

a) Centro de Rehabilitación Psicosocial de Dodro

NOME	HORAS SEMANAIS ASISTENCIA/XESTIÓN	POSTO	TITULACIÓN	SALARIO MENSUAL BRUTO	CONTRATO
NDP	-35 H (XANEIRO A AGOSTO)	COORDINADORA/TRABALLADORA SOCIAL	TRABALLO SOCIAL	-1357,71€	INDEFINIDA
	-38,5H (SETEMBRO A DECEMBRO)			-1551,67€	
FJSC	18,5 HORAS	XESTOR ADMINISTRATIVO E DE PERSOAL	RELACIÓN LABORAIS	1551,67€ (TOTAL ENTRE AMBOS CENTROS)	INDEFINIDO
AVT	15 HORAS 10 HORAS ASISTENCIA 5 XESTIÓN	DIRECCIÓN SANITARIA/PSICÓLOGA	PSICOLOXÍA	1465,49€	TEMPORAL
LVB	20 HORAS	DIRECTOR TÉCNICO DO CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO E MONITOR DE TALLERES PRE-LABORAIS	QUÍMICO	976,99	INDEFINIDO
SMG	22 HORAS (SETEMBRO A DECEMBRO)	INTEGRADORA SOCIAL	CICLO SUPERIOR DE INTEGRACIÓN SOCIAL	771,75€	TEMPORAL
CCP	18 HORAS	TRABALLADORA SOCIAL	TRABALLO SOCIAL	1164,59€ (ENTRE AMBOS CENTROS)	TEMPORAL

b) Centro de Rehabilitación Psicosocial de Ordes

NOME	HORAS SEMANAIS ASISTENCIA/XESTIÓN	POSTO	TITULACIÓN	SALARIO MENSUAL BRUTO	CONTRATO
FJSC	20 HORAS	XESTOR ADMINISTRATIVO E DE PERSOAL	RELACIÓNS LABORAIS	1551,67€ (TOTAL ENTRE AMBOS CENTROS)	INDEFINIDO
OVS	-22 HORAS (XANEIRO A AGOSTO) -28 HORAS (SETEMBRO A NOVIEMBRE) -21 HORAS (DECEMBRO) 5 HORAS XESTIÓN RESTO ASISTENCIA	PSICÓLOGA	PSICOLOXÍA	-1074,69 -1367,79 -1029,84€	INDEFINIDA
AVT	15 HORAS 10 HORAS ASISTENCIA 5 HORAS XESTIÓN	DIRECCIÓN SANITARIA/PSICÓLOGA	PSICOLOXÍA	1465,49€	TEMPORAL
MAMT	38,5 HORAS	COORDINADORA DE ACTIVIDADES/EDUCADORA	MAXISTERIO	1551,67€	INDEFINIDA
CCP	12 HORAS	TRABALLADORA SOCIAL	TRABALLO SOCIAL	1164,59€ (ENTRE AMBOS CENTROS)	TEMPORAL
VVD	22 HORAS (AGOSTO A NOVIEMBRE)	PSICÓLOGA	PSICOLOXÍA	1074,69€	TEMPORAL

4.- Programas realizados

4.1 Descripción dos programas

Número de persoas beneficiarias directas e diferentes no conxunto de todas as actividades:

Persoas beneficiarias directas	
Mulleres	1.109
Homes	726
Total	1.835

Horarios

CRPL Ordes

LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
9:00-15:00 Xestións/Programas	9:00-18:00 Xestións/Programas	9:00-15:00 Xestións/ Programas	8:00-16:00 Xestión/Programas	8:00-15:00 Xestións/Programas
9:00-10:00 Servizo de transporte	15:30-16:30 Transporte	9:00-10:00 Servizo de transporte	9:00-18:00 Xestións	8:30-10:00 Transporte
10:00-11:00 Ximnasia	16:30-18:00 Arteterapia e manualidades	10:00- 11:00 Hábitos saudables	8:30 – 16:00 Área social	9:00-15:00 Xestións
11:00-12:15 Estimulación cognitiva Manualidades	18:00-18:30 Descanso	11:00- 12:15 Taller de cociña	9:00-17:30 Xestións	9:00 – 11.30 Atención psicolóxica
12:15-12:30 Descanso	18:30-19:30 Arteterapia	12:15- 12:30 Descanso	9:00-10:15 Transporte	10:00-11:00 loga-camiñar
12:30-13:30 Estimulación cognitiva Manualidades	19:30-20:00 Limpeza	12:30- 13:30 Taller de cociña	13:30-15:00 Transporte	11:00-11:20 Transporte
13:30-14:00 Limpeza	20:00-21:00 Transporte	13:30- 14:00 Limpeza		11:20-11:45 Descanso
14:00-15:00 Transporte		14:00- 15:00 Transporte		11:45-13:30 Grupo de apoio
				13:30-14:00 Limpeza
				14:-15:00 Transporte

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8.30-15.00 Xestións/ Programa	8.30-17.30 Xestións/ Programa	8.30-17.30 Xestión/Progr	8.30-14.00 Xestións/Progr.	8.30- 14.00 Xestións/Programas
9:00-10:00 Servizo de transporte	9:00-10:00 Transporte	TARDE 15:00-16:00 Transporte	9:00-10:00 Transporte	9:00-10:00 Transporte
10:00-11:00 Ximnasia	10:00-11:00 Ximnasia	16:00-17.00 Ximnasia	10:00-11:00 Ximnasia	10:00-11:00 Ximnasia
11:00-11:15 Descanso	11:00-11:15 Descanso	17:00-17:30 Descanso	11:00-11:15 Descanso	11:00-11:15 Descanso
11:15-13:30 Biblioterapia	11:15-13:30 Grupo apoio/ R. Cognitiva	17:30-19:30 Alimentación Saúdable / Comunidade	11:15-13:30 Creatividade	11:15-13:30 H. Sociais
13:30-14:00 Limpeza	13:30-14:00 Limpeza	19:30-20:00 Limpeza	13:30-14:00 Limpeza	13:30-14:00 Limpeza
14:00-15:00 Transporte	14:00-15:00 Transporte	20:00-21:00 Transporte	14:00-15:00 Transporte	14:00-15:00 Transporte
		Centro Especial Emprego. 9.00- 18.00	Centro Especial Emprego. 9.00-18.00	

Ambito actuación

A maioría dos programas lévanse a cabo nas comarcas de Ordes e Ulla-Sar

Ordes: Ordes, Oroso, Trazo, Tordoia, Cerceda, Frades e Mesía

Dodro: Dodro, Padrón, Rois, Pontecesures, Valga e Rianxo.

4.2. Programas

1. Programa de atención psicosocial e actividades rehabilitadoras
2. Programa de atención domiciliaria
3. Programa de prevención do suicidio
4. Programa de sensibilización, información, orientación e asesoramento

5. Programa de escola de familias
6. Programa de ocio e tempo libre
7. Programa de igualdade
8. Programa de voluntariado
9. Programa de acompañamento laboral
10. Programas na comunidade
- 11.

4.2.1.- Programa de atención psicosocial e actividades rehabilitadoras

Este programa atende a persoas que presentan un diagnóstico de trastorno mental e as súas familias coa finalidade de mellorar a súa calidade de vida, promover a autonomía, previr a dependencia e fomentar hábitos de saúde.

A intervención lévase a cabo no Centro de Rehabilitación Psicosocial de Ordes en atención diúrna. As persoas reciben unha atención integral, globalizadora e multidisciplinar coa finalidade de rehabilitación e integración social e laboral.

O programa ten como principio rector a atención integral e coordinada das persoas usuarias. Para elo basease nos principios de igualdade, normalización, rehabilitación, integración e participación plena.

Para a súa consecución é preciso ter en conta a situación sociodemográfica de residencia da poboación atendida, caracterizada por un entorno predominantemente rural, o que dificulta o acceso a numerosos recursos e servizos ao non contar cun servizo de transporte regular e adaptado.

Este ano por mor da pandemia ocasionada polo COVID-19 vímonos na obriga de realizar modificacións substanciais no desenvolvemento do programa e a súa correspondente adaptación ás medidas preventivas contra a pandemia, de restrición da mobilidade e de contacto social.

As actividades realizábanse na súa práctica totalidade dun xeito presencial. Isto provocou que durante os meses de marzo a xuño, decretado o confinamento, se levara a cabo unha atención telemática. A opción máis empregada foi a vía telefónica xa que gran parte das persoas usuarias e familias non posúen medios tecnolóxicos ou carecen da alfabetización dixital suficiente para o manexo doutros dispositivos telemáticos. Asemade, en casos precisos, levouse a cabo de xeito individual a entrega en domicilio de material necesario para a realización das actividades.

Durante o confinamento a atención tivo que intensificarse ante o elevado risco de descompensación que amosou parte da poboación atendida. Asemade, tamén se constatou un aumento da conflitividade intrafamiliar, incrementándose as labores de mediación e de resolución de conflitos.

Dende xuño retomouse a intervención presencial tendo en conta as medidas preventivas recomendadas oficialmente. Polo que dende ese intre ata o remate do programa a atención levouse a cabo presencialmente tanto no CRPL de Ordes como en visitas programadas en exteriores para ofrecer unha maior cobertura na atención e adaptarnos ás recomendacións e medidas propostas polos diferentes organismos, tendo en conta especialmente ás persoas con alto risco de contaxio e/ou maiores de 65 anos.

Este programa presenta os seguintes obxectivos:

- Rehabilitación psicosocial
- Apoio e integración social
- Integración laboral
- Fomentar a normalización da enfermidade mental a través da psicoeducación
- Fomentar a autonomía

| **Actividades rehabilitadoras**

Estas actividades víronse modificadas por mor das restricións ocasionadas pola crise do COVID-19, quedando distribuídos do seguinte xeito:

- Antes do 13 de marzo e dende o 1 de xuño as actividades leváronse a cabo de xeito presencial. Nun primeiro momento asistían a estas actividades un máximo de 16 persoas véndose reducidos os grupos en función das recomendacións feitas polos organismos competentes.
- Dende o mes de xuño as persoas usuarias comezaron a incorporarse de xeito paulatino. Do 1 de xuño ata o 31 de agosto os grupos foron de 4 a 6 persoas e a partires do 1 de setembro ata o 30 de novembro incrementouse o número de persoas ata 8 por actividade, cumprindo coas recomendacións de ocupación en espazos cerrados propostas polos correspondentes organismos.

Sen embargo, por mor do incremento do nivel de risco ata o nivel 3 de contaxio nos Concellos que nos competen, durante o mes de novembro as persoas maiores de 65 anos non puideron asistir de xeito presencial polo que se realizaron encontros en espazos abertos para atención individual e entrega de material.

Os obradoiros rehabilitadores que se levaron a cabo foron os seguintes:

- Actividade física
- Estimulación cognitiva
- Biblioterapia
- Manualidades-creatividade
- Arteterapia
- Hábitos saudables
- Cociña
- Grupo de Apoio
- Terapias de orientación á realidade
- loga

Dende o 16 de marzo ata o 29 de maio realizáronse as seguintes actividades de xeito telemático:

- Estimulación cognitiva: envío telemático de actividades ou entrega das mesmas.
- Hábitos de vida saudable: práctica de actividade física
- Mantemento de contacto social: realización de videochamadas grupais

Persoas beneficiarias directas

A través do Programa de Atención Psicosocial atendéronse durante o ano 2020 un total de **16 persoas no CRPL de Ordes e 17 persoas no CRPL Dodro** .

4.2.2.- Programa de atención domiciliaria

Este programa atende a persoas con trastorno mental con diagnóstico ou con sospeita de problemática relacionada de saúde mental (sen diagnóstico), e as súas familias coa finalidade

de mellorar a calidade de vida da persoa no seu propio entorno e actuando sobre a promoción da autonomía e a prevención da dependencia.

A intervención lévase a cabo a **domicilio** tendo en conta as características específicas do **entorno rural** (illamento, dificultades para a mobilidade e/ou falta de recursos comunitarios) e as características psicosociais e laborais das persoas e familias.

Dende o programa aténdese ás persoas dende unha **perspectiva integral**, traballando nos ámbitos preventivo, educativo, social e rehabilitador. Todo isto lévase a cabo incorporando a **perspectiva de xénero**, atendendo as características sociodemográficas (nivel educativo, situación laboral, estado civil, etc.), os acontecementos vitais ou cambios evolutivos das mulleres e as problemáticas de carácter psicosocial que lles afectan (distribución de roles, violencia sexual, e maior incidencia de trastornos afectivos e/ou trastornos de ansiedade).

Este ano por mor da pandemia ocasionada polo COVID19 vímonos na obriga de realizar modificacións sustanciais no desenvolvemento do programa para a súa correspondente adaptación ás medidas preventivas contra a pandemia, de restrición da mobilidade e de contacto social.

Tendo en conta que o programa baséase nomeadamente nunha intervención de carácter presencial e a domicilio, foi preciso reorientar a intervención de xeito que durante os meses de marzo, abril e maio, primou a atención telefónica debido á situación de confinamento xeral.

O risco de descompensación psicolóxica ante a ameaza da pandemia sumado a situación de illamento social, podía incrementar a vulnerabilidade das persoas atendidas no programa, deste xeito puxemos en marcha un **servizo de atención telefónica** para realizar un seguimento intensificado das persoas usuarias e as súas familias, e que permitira unha detección e intervención precoz ante unha situación de necesidade, inestabilidade ou conflito que puidera acontecer.

Para a continuidade da atención, optouse pola vía telefónica dado que as comarcas atendidas son de carácter eminentemente rural, o que conleva que en xeral, a conexión vía virtual é deficitaria, ademais a maioría das familias non dispoñen de dispositivos que permitan a conexión a internet e tamén a causa do déficit na alfabetización dixital das persoas usuarias, mais tamén das persoas coidadoras. Por todo isto, optamos pola vía telefónica como a máis accesible e que iguala en condicións de participación e uso a todas as persoas.

Unha vez rematado o período de confinamento, retomouse a intervención presencial tendo en conta as medidas preventivas recomendadas oficialmente. Deste xeito retomouse a **atención**

domiciliaria no mes de xuño e mantívose de forma continuada ata a finalización do programa cunha periodicidade quincenal ou mensual, segundo as necesidades da persoa. Pois aínda que en xeral, podemos concluír que as repercusións psicosociais do confinamento nas persoas usuarias foron mínimas, detectamos a necesidade de dar apoio para a recuperación dun estilo de vida máis saudable, diminuír o estrés relacionado co medo ao contaxio e continuar reforzando as medidas preventivas fronte a COVID19.

O Programa de Atención Domiciliaria presenta os seguintes obxectivos:

- › Detección de persoas con problemática de saúde mental sen diagnosticar.
- › Intervención en casos de persoas con trastorno mental en situación de especial vulnerabilidade.
- › Identificación dos factores de risco que poidan supor a desadaptación da persoa con trastorno mental.
- › Promoción da integración da persoa nos eidos sanitario, social, laboral e de ocio e tempo libre.

Persoas beneficiarias directas e indirectas

A través do Programa de Atención Domiciliaria atendéronse un total de **15 persoas**, 10 mulleres e 5 homes na comarca de Ordes e 2 mulleres e 1 home na comarca de Ulla-Sar.

4.2.3.- Programa de prevención do suicidio

A problemática do suicidio constitúe cun total anual dunhas 800.000 mortes a nivel mundial, un obxectivo de primeira orde no que a saúde pública (OMS, 2014). Se ben, o Estado Español é o terceiro na Unión Europea con menor número de mortes por suicidio (EUROSTAT, 2017), vemos que é a causa externa de morte máis frecuente por enriba dos accidentes de tráfico, e a segunda causa de morte máis frecuente no grupo de idade de entre os 20 e os 24 anos (INE, 2017). En Galicia no ano 2018, houbo un total de 274 suicidios (192 homes e 82 mulleres), sendo as provincias con maior taxa de incidencia Lugo (11 por cada 100.000) e A Coruña (10 por cada 100.000). Na provincia da Coruña producíronse 125 mortes (88 homes e 37 mulleres), sendo a Comarca de Ordes unha das máis afectadas. Así, no partido xudicial de Ordes, a taxa de suicidio incrementouse ata 24 persoas por cada cen mil habitantes no 2017, polo que en dito ano, a incidencia na comarca ordense veuse duplicada en relación á total de Galicia, tendencia que xa se viña observando nos anos anteriores. Alén da elevada mortalidade que esta circunstancia pode ocasionar, as súas repercusións na contorna son moi importantes, xa que as vidas das persoas achegadas véñse profundamente afectadas a nivel emocional, social e económico.

Andaina PSM localiza o seu labor na Comarca de Ordes, abarcando os Concellos de Ordes, Oroso, Trazo, Tordoia, Frades, Mesía e Cerceda. Este territorio, eminentemente rural, caracterízase pola limitación de acceso a servizos e recursos, dunha banda pola escaseza dos mesmos e doutra, a causa de: o envellecemento poboacional, a dispersión xeográfica e o illamento social, a falta de transporte público, etc. Mais no que a Saúde Mental se refire, esta caracterización vén consecuentemente a agravar a situación das persoas con trastorno mental, o que pode estar influíndo na ocorrencia de problemáticas como o elevado número de suicidios que se producen na comarca en comparación cos datos aportados para o total de Galicia.

O programa de prevención de suicidio que se desenvolveu durante o segundo semestre do ano de 2020 supuxo unha experiencia piloto de sensibilización e formación que tiña por finalidade abrir o debate público sobre o suicidio e facilitar tanto a profesionais como a poboación xeral, ferramentas para a súa detección e atención.

Este programa desenvolveuse a través de sesións formativas dirixidas tanto a profesionais de servizos sociais, sanitarios, do eido educativo, dos corpos de emerxencias e coa implicación dos medios de comunicación presentes na Comarca. Tamén participaron en accións de sensibilización e obradoiros as persoas afectadas e familiares, así como diversos grupos considerados vulnerables. Acompañando estas actuacións, editáronse materiais informativos como unha guía de autocoidado para persoas afectadas, unha guía para familiares e unha guía para profesionais.

Obxectivo xeral

Mellorar o coñecemento da poboación xeral e de profesionais de diferentes ámbitos comunitarios sobre a conduta suicida e a súa prevención na Comarca de Ordes.

Obxectivos específicos

- Sensibilizar e informar á poboación en xeral e a grupos de risco en particular sobre a conduta suicida e a súa prevención

Con este obxectivo preténdese diminuír o efecto tabú asociado a esta problemática, desmitificar a conduta suicida, dar información sobre recursos e servizos, informar sobre os sinais de alarma e sobre as recomendacións oficiais para persoas afectadas e familiares.

- Formar a profesionais dos diferentes ámbitos comunitarios sobre a conduta suicida e a súa prevención.

Con este obxectivo preténdese ofrecer unha formación específica para profesionais do ámbito comunitario para a detección de persoas, familias e grupos de risco, e informar sobre os recursos existentes para a abordaxe desta problemática.

4.2.4.- Programa de sensibilización, información, orientación e asesoramento

O programa ten como fin sensibilizar á poboación sobre a saúde mental ofrecendo información sobre aspectos dos trastornos, os recursos sanitarios e sociais e a importancia do traballo en rede de todas as entidades da comunidade. A formación é unha medida preventiva e de apoio asistencial que axuda a xerar un tecido de apoio ás persoas con problemas de saúde mental, as súas familias e á sociedade en xeral.

Neste sentido, Andaina PSM quere contribuír a concienciar á sociedade de que a saúde mental é un asunto de todas e todos. A colaboración da sociedade é moi importante, á hora de desmontar o estigma do trastorno mental. Do mesmo xeito, a comunidade tamén pode colaborar na integración de persoas afectadas actuando como factor normalizador.

Andaina PSM é a primeira asociación de saúde mental que presta os seus servizos na Comarca de Ordes, onde a Unidade de Saúde Mental de referencia está situada en Santiago de Compostela, polo que para algúns habitantes dista máis de 30 km dos seus fogares, co agravante dos factores demográficos propios dunha zona rural. Cando falamos de saúde mental no rural a situación agrávase polas características sociodemográficas que afectan á comarca de Ordes: dispersión xeográfica, envellecemento, illamento provocado polas dificultades de transporte e de acceso aos recursos sociosanitarios, a escaseza dos recursos, a falta de rede de apoios comunitarios, etc.

Polo exposto, parécenos clave achegarnos á poboación xeral e aos profesionais sociais e sanitarios para ofrecer o noso recurso e así, contribuír a mellorar a situación das persoas con problemas de saúde mental nesta comarca.

a. **Sensibilización social**

Neste pasado ano 2020 marcado case na súa totalidade pola presenza da pandemia mundial por Covid-19, as actuacións de sensibilización, información, orientación e asesoramento tiveron un gran peso nas **redes sociais**. No perfil de Facebook co que conta a entidade (<https://www.facebook.com/andainapsm/>) publicáronse contidos durante todo o ano, cunha

periodicidade aproximada de tres publicacións á semana e onde se distiguen dúas liñas fundamentais de sensibilización:

Do mesmo xeito, no mes de febreiro, establecéronse contactos coa intención de levar a cabo **charlas** presenciais de sensibilización e información en materia de rehabilitación psicosocial e laboral e vivencia do trastorno mental nas Escola de Traballo Social e Facultade Educación Social da Universidade de Santiago, véndose interrompida a execución das mesmas polas medidas sanitarias impostas.

Por outra banda, ao longo deste ano 2020 organizáronse diferentes actividades de **participación comunitaria** co obxectivo de ofrecer oportunidades de interacción no entorno para as persoas usuarias da entidade; facéndose dobremente importantes ao contribuír á sensibilización da sociedade contra o estigma asociado aos trastornos mentais, así como á facilitación de información e recursos comunitarios para a mellora da calidade de vida do colectivo co que traballa a entidade.

Comezouse o ano coa organización e posta en marcha dunha **exposición do traballo** realizado polas persoas participantes no obradoiro de arteterapia, continuando coa asistencia algún dos **partidos** do Obradoiro CAB e **visita á exposición Galicia, un relato no mundo** na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela. Xa coa vixencia da alerta sanitaria e as consecuentes medidas preventivas e de contención do virus realizáronse actividades da mesma índole que as anteriores mais en grupos reducidos e cunha periodicidade menor tales como **rotas pola vila**, e **paseos pola contorna**. Tamén coa participación na **recollida colectiva de froita** como colaboración coas persoas operarias do Centro Especial de Emprego co que conta a entidade. Do mesmo xeito realizouse unha **nova exposición do traballo** realizado no taller de arteterapia, esta vez online, dentro da programación do festival cultura *Brión Inclúe 2020* e realizouse en redes sociais un total de **6 sorteos de cadros** realizados no taller.

Importante tamén foi a proxección de Andaina PSM no vídeo do Concello de Dodro, titulado **Dodro cos cinco sentidos**, onde a presenza de Andaina ten unha forte impronta dentro da actividade social do concello. Esta documento foi realizado pola **produtora Xurdir** que ofrece materiais divulgativos coas empresas máis destacadas de cada concello. a todos os concellos, a presentación acudiron invitados parte do tecido empresarial, político, cultural e social do concello e da comarca. Por suposto que as persoas de andaina acudiron ao evento.

Persoas beneficiarias directas e indirectas

As persoas beneficiarias indirectas das actuacións de **sensibilización en redes** un máximo de **1.679 persoas** tendo en conta a publicación con máis alcance do ano 2020, á que lle segue outra cun alcance de 1.358 persoas e unha terceira cun alcance de 1.193 persoas. En canto ao mínimo de persoas beneficiarias atopamos a publicación con menor alcance, chegando a un total de 103 persoas. Para coñecer o impacto e chegada á poboación dos contidos de sensibilización medíronse tamén os *clics* por publicación chegando a un máximo de 264.

➡ **Web:** <http://andainaprosaudemental.com>

➡ **Facebook:** <https://www.facebook.com/Andainaprosaudemental>

b. Información, orientación e asesoramento

Andaina PSM tamén leva a cabo accións de información, orientación e asesoramento en materia de Saúde Mental a todas as persoas con trastorno mental e as súas familias. Así como a outras persoas, entidades e colectivos que se achegan ou contactan con esta demanda. As accións desenvoltas e as persoas beneficiarias das mesmas preséntanse na táboa a continuación:

Accións / Persoas beneficiarias	Mulleres	Homes	Total
PERSONAS INFORMADAS PERTENCENTES A ASOCIACIÓN OU A COMUNIDADE EN XERAL	224	219	443
PERSONAS INFORMADAS EN RELACIÓN AOS CAMBIOS PRODUCIDOS POLA COVID-19	221	137	358
PERSONAS INFORMADAS NOVAS QUE NON ESTIVERAN EN CONTACTO COA ENTIDADE	57	29	86
PERSONAS ASESORADAS	289	229	518
PERSONAS ASESORADAS EN RELACIÓN AOS CAMBIOS PRODUCIDOS POLA COVID-19	173	55	228
APOIOS SOCIOCOMUNITARIOS	78	61	139



4.2.5.-Escola de Familias

As escolas de familias son unha forma de aliviar a sobrecarga e o elevado nivel de estres que se xera nos familiares directos e coidadoras/es principais de persoas con enfermidade mental. Os principais obxectivos a acadar son a mellora da convivencia e o fomento do reparto de tarefas entre familiares. Baséanse nos principios de apoio mútuo, psicoeducación e manexo dos síntomas da enfermidade mental na familia.

Este ano, na escola de familias ofrecéronse talleres de adicción en colaboración co programa de prevención de adiccións que comparten varios concellos como Dodro, Padrón, Rois e Valga. Estes talleres tratan de dar resposta a unha situación que padecen varias persoas usuarias e por tanto tamén as súas familias.

4.2.6.-Respiro familiares e Ocio/Tempo libre.

Este programa viuse severamente reducido este ano debido a irrupción da COVID-19 no mes de marzo. Suspendéronse a maioría das actividades programadas: viaxe INSERSO, curso de vela, estancias en Balneario, viaxe de 4 días da FEAFES-Galicia, saídas a praia de Andaina, campionatos de pinpon, de football, etc.

Mantiveronse as estancias de fin de semana na casa de San Xenxo de Feafes-Galicia, pero viuse moi reducida a participación de persoas por quenda; 3 persoas por 3 quendas, resultando só 9 persoas beneficiarias deste programa.

4.2.7.- Igualdade.

Programa dirixido as mulleres con enfermidade mental, a cuidadoras ou familiares de persoas con enfermidade mental. As diferentes actividades están centradas na atención directa e personalizada de cada usuaria co fin de adquirir estratexias para mellorar a súa autonomía, facelas donas das súas vidas e potenciar o seu empoderamento como motor do seu benestar. O programa consta de varias actividades: talleres semanais, talleres afectivos-sexuais, intervención directa, acompañamento, atención domiciliaria, etc.

Este programa tamén é transversal aos demais programas da entidade.



4.2.8.-Programa de Voluntariado

O voluntariado foi e seguirá sendo un dos piares sobre o que se sustenta Andaina. Non se pode entender a existencia e o funcionamento de Andaina sen a participación das persoas voluntarias.

As tarefas propias do voluntariado durante este ano foron o acompañamento ás persoas usuarias e colaboración en algúns talleres como loga, Arteterapia, biblioterapia e tarefas de apoio no CEE.

Importante o voluntariado no CEE coa recollida de froita, as persoas participantes son familiares ou persoas achegadas que durante as xornadas de recolección, colaboran, conviven e comparten actividade coas persoas usuarias e traballadoras de Andaina PSM.

4.2.9.- Acompañamento Laboral

Está demostrado que as persoas sen traballo teñen máis problemas psicolóxicos e físicos, especialmente cando o desemprego e de longa duración. Nas persoas con enfermidade mental crónica isto cobra especial relevancia.

En Andaina PSM ofrecemos ás persoas formación e talleres pre-laborais co fin de potenciar as súas habilidades laborais para que sexan capaces de desempeñar un posto de traballo, en principio protexido.

Pomover a recuperación e **integración laboral e social das persoas que padecen enfermidade mental** con accións formativas e educativas que favorezan a súa integración laboral eo seu desenvolvemento profesional e persoal.

- ✓ **Detectar** aquelas persoas usuarias que se considera prioritaria a súa inserción laboral por estar en risco de exclusión social..
- ✓ **Capacitar ás persoas** con formación continua e integral que abarque o desenvolvemento persoal, social e profesional.
- ✓ **Mellorar o nivel de autonomía** das persoas traballadoras para toma de decisións na súa traxectoria laboral e a recuperación con accións que favorezan a súa integración social e laboral.
- ✓ Dotar a entidade de recursos humanos e materiais capaces de levar a cabo accións que xeneren emprego digno con oportunidades de traballo produtivo que potencien o aumento da **producción e a estabilidade do CEE**.
- ✓ Dotar a comunidade dun **recurso en inserción laboral de persoas con enfermidade mental residentes en comarcas rurais** da área sanitaria de Santiago de Compostela.

Necesitamos **mellorar a empregabilidade de todas as personas que se atopan en risco** de exclusión como son as persoas con enfermidade mental nas zonas rurais.

Necesitamos capacitar as persoas traballadoras do CEE con accións formativas que as motiven para o emprego, para aprender e compromiso de participación en todas as actividades do proceso. Debemos proporcionar as persoas as ferramentas necesarias para superar outros obstáculos que puedan afectar a su empleabilidade e conseguir superalos con éxito.

4.2.10.- Programas na comunidade:

a. Socioeducativo comunitario de proximidade e de prevención da dependencia en ámbito rural

A atención de proximidade permitiu proporcionar unha atención individualizada a nivel psicosocial daquelas persoas con trastorno mental e/ou alteración da conducta que tiñan dificultades para ser vinculadas aos recursos sociosanitarios.

As medidas restrictivas da segunda onda do COVID-19 afectou considerablemente a algúns concellos con nivel 3 que se virón gravemente afectados na súa vida social como foi o caso do concello de Ordes. Un colectivo de persoas usuarias de Andaina PSM vironse gravemente afectadas dadas as circunstancias, foron as persoas maiores de 65 anos, como poboación vulnerable non podía acudir as actividades rehabilitadoras. As dificultades xeradas na atención a estas persoas foron

on subsanadas cunha atención directa e personalizada tras unha serie de cambios internos en Andaina PSM e na familia da persoa usuaria.

O obxectivo xeral consistiu na mellora da funcionalidade e a calidade de vida da persoa no seu propio entorno, facilitando a súa integración no ámbito comunitario.

As actuacións levadas a cabo para a consecución dos obxectivos propostos foron as seguintes:

- ✓ Actualización da información recibida do SERGAS e do Ministerio en medidas preventivas e restrictivas adoptadas pola covid-19 en cada concello sobre todo naqueles de nivel 3.
- ✓ Detección de poboación vulnerable, como maiores de 65 anos dentro da entidade.
- ✓ Estudo de necesidades e recursos da persoa usuaria e da familia no entorno próximo.
- ✓ Planificar o tipo de intervención: visita domiciliaria, paseo terapéutico, intervención psicosocial individual ou familiar, seguimento, acompañamento en actividades, etc
- ✓ Facilitar material de apoio e formar as persoas beneficiarias do programa para realización de actividades a nivel individual ou familiar: material cognitivo, deportivo, tecnolóxico, etc.

Persoas beneficiarias.

Na totalidade do proxecto foron atendidas 16 persoas entre os CRPLs de Dodro e de Ordes. sendo que algunhas delas se beneficiaron de distintas accións.

- ✓ Atención de Proximidade no ámbito rural foron atendidas 5 persoas.
- ✓ Na acción de Actividades sociocomunitarias 11 persoas

Todas as persoas atendidas presentan un diagnóstico psiquiátrico ou son familiares ou persoas achegadas e residen en concellos do ámbito rural da comarca de Ordes ou Ulla-Sar. A incidencia do COVID- 19 xenerou unha serie de cambios que afectaron indiscutiblemente a vida das persoas e as súas relacións



b. Acompañamento sociocomunitario no rural

Dende agosto, viñéronse organizando diferentes actividades de participación na comunidade para as persoas usuarias do Centro de Rehabilitación Psicosocial de Andaina PSM en Dodro. Estas actividades tamén foron redeseñadas tras a COVID- 19, coincidindo co comezo dun novo curso 2020-21.

Obxectivos : Promover a participación das persoas usuarias e das súas familias en actividades sociocomunitarias dentro seu entorno, potenciando así coñecemento do meso e a súa integración e mellora das súas relacións sociais , persoais e familiares. Contribuíndo a visibilización e normalización destas persoas e a redución do estigma sobre a enfermidade mental.

As actividades organizadas foron as seguintes:

- Potenciar as andainas para fomentar hábitos saudable e coñecer espazos naturais da contorna con paseos polos concellos rurais de Padrón, Rianxo, Rois e sobre todo Dodro.
- Mediar cor recursos da comunidade para:
 - Realizar actividades deportivas para fomentar o deporte na comunidade dentro das instalacións do pavillón municipal de Dodro.

- Manter unha atención especializada as mulleres cuidadoras no Centro de Información da Muller, a partir de agora CIM de Padrón, como recurso sociosanitario.
- Participación en actividades culturais como Brión Inclúe.
- Mediación coas familias para mellorar a convivencia co fomento de actividades rehabilitadoras e a autonomía das persoas usuarias:
 - Talleres de manexo de recursos telemáticos ou de comunicación
 - Talleres de alimentación saudable, de cociña, de medidas de hixiene persoal.
 - Talleres formativos en adquisición e mantemento de medidas preventivas.
 Talleres para mellora da comunicación e das habilidades sociais no entorno da familia.
- Implementación das medidas da COVID-19; uso de mascarilla, hidroalcol e distancia de 2 metros, limpeza de espazos despois do uso individual: mesa, silla e material escolar. Desinfección dos espazos comúns: manillas, aseo, chanetc.
- Implicación das familias en actividades de voluntariado na comunidade na colaboración de programas prelaborais como recollida de mazáns para o CEE.
- Atención familiar e individualizada para mellora da convivencia con escoita activa.

c. Acompañamento e apoio integral

Xustificación da necesidade social detectada e da cobertura pública ou privada que existe para atender a necesidade descrita

As persoas que teñen trastornos mentais crónicos e graves presentan unha gran necesidade de apoio no seu proceso de rehabilitación e de inclusión na comunidade por ter graves dificultades para a súa integración no medio, debido tanto á enfermidade que padecen (con forte estigma social e rexeitamento), como á súa tendencia ao illamento. O programa de acompañamento está dirixido a persoas con problemas de saúde mental e que teñen dificultades respecto da autonomía e independencia persoal, á súa situación social ou a súa situación familiar. Cando as persoas con problemas de saúde mental presentan síntomas tales como desmotivación, perda de capacidades para resolver problemas e tendencia ao illamento resulta moi complicado para elas o acceso aos recursos de sociais e sanitarios. Estas circunstancias poden chegar a agravar a recuperación da persoa con enfermidade mental e a diminuír a estabilidade da familia chegando a provocar situacións de agravamento dos síntomas e desequilibrios nas relacións da persoa con enfermidade mental coa súa contorna e agudizar o seu illamento tan to persoal como social. A cobertura pública é moi limitada ou ningunha nestes casos. Dende a rede pública de

servizos sociais, o único servizo que podería ter unha limitada semellanza a figura do asistente persoal que podería dar resposta nalgún caso, nos menos graves especialmente. Pero é unha figura moi pouco desenvolvida en relación a saúde mental na nosa comunidade.

O Programa favorecer **a continuidade da atención** ás persoas con enfermidade mental crónica e o desenvolvemento da súa autonomía persoal. Está dirixido a persoas con enfermidade mental crónica que presentan de forma consistente dificultades en áreas básicas da vida diaria, no seguimento dos tratamentos, na continuidade da atención socio sanitaria, no acceso aos dispositivos e recursos para a integración social, na participación de actividades na comunidade, ou con grave risco de padecer estas dificultades a curto ou medio prazo

5.-Servizos

Transporte

Andaina PSM desenvolve o seu traballo en comarcas rurais onde os medios de transporte escasean e a dispersión xeográfica fai necesario ofrecer este servizo de recollida e regreso das persoas con enfermidade mental aos seus fogares. Para isto, a entidade conta con dúas furgonetas; unha para dar servizo aos usuarios do CRPL de Dodro e outra para o CRPL de Ordes. En setembro de 2018 tivo lugar a concesión do segundo vehículo o que supuxo unha notoria mellora neste servizo.

Centro Especial de Emprego

Andaina Pro Saúde Mental é unha entidade que nace para atender de xeito integral as necesidades das persoas con enfermidade mentais nas comarcas rurais da área sanitaria de Santiago de Compostela. Dentro desta actividade xeral desenvolvemos como eixe prioritario a inserción laboral que é obxecto desta convocatoria.

O fin da Asociación é **promover a recuperación e integración social e laboral das persoas que padecen trastornos mentais**, así como a mellora da asistencia e da calidade de vida dos seus familiares e persoas achegadas, e a defensa dos seus intereses e dereitos.

Para facer real e efectivos estes fins, Andaina PSM crea o Centro Especial de Emprego sen ánimo de lucro en novembro de 2017, adicando os seus esforzos á procurar a capacitación, acceso o emprego e a integración laboral de persoas con discapacidade.

As finalidades:

- Valorar a situación de vulnerabilidade social en relación a exclusión social.
- A formación coas persoas participantes ten que ser integral e abarcar o eixe persoal, social e profesional.
- Xerar emprego digno, con oportunidades de traballo produtivo, cun salario acorde ao posto desempeñado e ao sector da actividade, que garantice a seguridade e saúde no traballo, que ofrezca perspectivas de desenvolvemento profesional e persoal que garantice a participación da persoa traballadora nas decisións que afecten ao desenvolvemento da súa traxectoria laboral e que garantice e promova a igualdade de oportunidades e de trato que xeneran empresas sociais para promover a inclusión laboral. Sendo a promotora Andaina Pro Saúde Mental

Os principios:

A autonomía individual, a toma de decisión, a non discriminación, a participación e inclusión plenas e efectivas na sociedade. Os CEE son os instrumentos axeitados para conquistar os obxectivos con fórmulas de creación de emprego para persoas con discapacidade integradas nun mercado de traballo abertos inclusivos e accesibles.

De igual xeito, a implantación de este proxecto supón unha axuda a hora de acadar a consecución dos Obxetivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas; como son: O fin da pobreza, traballo decente e crecemento económico e redución das desigualdades.

Servizos que ofrece o CEE:

- ✓ recolleita de froita donada ou mercada.
- ✓ Transformado: zumes, sidra, bebida isotónica, mermeladas bem como produto propio ou para outras empresas incipientes ou particulares.
- ✓ Elaboración, envasado e distribución.
- ✓ Carácter emprendedor para transformado de produtos agrícolas.

6.- Balance de ingresos e gastos da Asociación

Cuenta de Pérdidas y Ganancias		Página	1
Empresa	01001 - ANDAINA PRO SAUDE MENTAL	Fecha listado	05/02/2021
Observaciones		Periodo	De Enero a Diciembre
2020			
A) EXCEDENTE DEL EJERCICIO			
2. Ventas y otros ing. de la act. mercantil		103.291,97	
70500000	INGRESOS CUOTAS	4.275,00	
70500001	SERVICIOS DE DEPENDENCIA	1.130,00	
70500003	PROG.INF.SAUDE MENTAL FEAFES	29.000,00	
70500004	MONITORES NANTES 2020	900,00	
70500005	PROG.PILOTO APOIO SOCIO-EDUC	5.000,00	
70500006	DONATIVOS	4.562,99	
70500007	EXCURSIONES	2.031,00	
70500008	INGRESOS SERGAS	48.957,98	
70500009	SERVICIO TRANSPORTE	7.435,00	
6. Aprovisionamientos		-1.976,22	
60200000	COMPRAS DE OTROS APROVISIONAM	-1.976,22	
8. Gastos de personal		-155.034,15	
a) Sueldos, salarios y asimilados		-117.665,28	
64000000	SUELDOS Y SALARIOS	-117.665,28	
b) Cargas sociales		-37.368,87	
64200000	SEGURIDAD SOCIAL A CARGO DE LA	-37.368,87	
9. Otros gastos de la actividad		-29.580,29	
a) Servicios exteriores		-29.163,25	
62100000	ARRENDAMIENTOS Y CÁNONES	-5.183,64	
62200000	REPARACIONES Y CONSERVACIÓN	-845,30	
62300000	SERVICIOS PROFESIONALES INDEP.	-4.433,67	
62500000	PRIMAS DE SEGUROS	-1.640,90	
62600000	SERVICIOS BANCARIOS Y SIMILARE	-815,87	
62700000	PUBLICID., PROPAGANDA Y RR.PP.	-525,18	
62800001	COMBUSTIBLE	-2.933,39	
62800002	GAS NATURAL	-526,17	
62800003	AGUA ORDES	-453,06	
62800004	LUZ DODRO	-1.503,40	
62800006	AUGA DODRO	-175,25	
62800008	LUZ ORDES	-370,94	
62900000	OTROS SERVICIOS	-1.513,15	
62900001	GASTOS KILOMETRAXE	-2.229,85	
62900002	TEAMING	-12,00	
62900005	TELEFONO	-1.128,36	
62900007	MATERIAL DE OFICINA	-1.618,50	
62900009	GASTO FEAFES	-2.354,62	
62900011	PAGO RESPIROS FAMILIARES	-900,00	

ANEXO FOTOGRÁFICO:





Colaboracións:



